

Para o pagamento dos gastos derivados de desprazamentos que realizan as **persoas alleas** a esta universidade invitadas para impartir cursos, mestrados ou conferencias, aplicábase o disposto na Resolución Reitoral de 29 de xullo de 1997, que recolle unicamente o aboamento dos gastos de quilometraxe en vehículo particular, coas mesmas condicións que se establecían no Decreto¹ 299/94 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Durante o período de tempo en que se aplicou esta Resolución, observouse que o contido tiña un carácter restritivo con respecto a gastos consecuencia destes desprazamentos, como o uso de medios de transporte urbanos, de tren ou de autocares empregados en traxectos curtos.

En atención ás dificultades de xestión destes gastos, postas de manifesto por algún centro de gasto,

RESOLVE:


Que o persoal alleo á Universidade da Coruña, que sexa invitado a impartir cursos, mestrados ou conferencias, poderá ser indemnizado:

- 1º) Por quilómetro percorrido cando para o seu desprazamento utilice vehículo particular, así como peaxes e aparcadoiros.
- 2º) Por gastos de desprazamento en traxectos curtos en tren ou en autobús, sempre e cando non sexa posible poñer a disposición destas persoas os billetes, previamente contratados por esta universidade. Os gastos xustificaranse coa presentación do recibo ou do billete.
- 3º) Por gastos de desprazamento en taxi ou noutro transporte urbano ou interurbano ata ou dende as estacións de ferrocarril, de autobuses e de aeroportos, sempre que xunten como xustificantes os recibos ou billetes.

Tanto para os importes como para o alcance dos gastos será de aplicación o Decreto 144/2001, do 7 de xuño sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, modificado polo Decreto 144/2011 do 26 de xuño e polo Decreto 96/2011 do 5 de maio.

Queda sen efecto a Resolución reitoral do 29 de xullo de 1997, sobre o pagamento de quilometraxe a persoal alleo á Universidade da Coruña que sexa invitado a impartir cursos, mestrados e conferencias.

A Coruña, 15 de ~~Novembro~~ ^{Novembro} 2013
O reitor



Xosé Luís Armesto Barbeito

¹ Derrogado polo Decreto 144/2001, do 7 de xuño sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.



GASTOS DE TRANSPORTE, QUE NON TEÑAN A CONSIDERACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZO

AUTORIZACIÓN

D./D^a ⁽¹⁾ _____

en calidade de ⁽²⁾ _____

DISPÓN que D./D^a ⁽³⁾ _____

con NIF/Pasaporte _____

que é **PERSOAL ALLEO** perciba os gastos relativos á viaxe efectuada entre ⁽⁴⁾ _____

con cargo á aplicación presupostaria ⁽⁵⁾ _____

orixinado como consecuencia da seguinte actividade ⁽⁶⁾ _____

a celebrar entre as seguintes datas: _____

A Coruña, a _____ de _____ de 201

Asdo. ⁽⁷⁾ _____

XUSTIFICACIÓN – DECLARACIÓN

D./D^a ⁽³⁾ _____

como _____

con NIF/Pasaporte _____ e domicilio fiscal en _____

C.P. _____

declara que con motivo do desprazamento ao que foi autorizado, efectuou os seguintes gastos:

LIQUIDACIÓN TOTAL:

Os gastos foron realizados entre as datas:

A Coruña, a _____ de _____ de 201

A Coruña, a

Asdo. ⁽⁷⁾ _____

- | | |
|-----|------------------------------------------------------------------------------------|
| (1) | nome do responsable da actividade |
| (2) | ecano, director do departamento, investigador principal do proxecto ou convenio... |
| (3) | nome da persoa autorizada |
| (4) | lugares entre os que se despraza |
| (5) | úmero e nome da aplicación presupostaria |
| (6) | actividade de carácter laboral desenvolvida no marco do convenio |

LIQUIDACIÓN

ORIXE:

Cidade/Poboación: _____

DESTINO:

Cidade/Poboación: _____

MEDIO DE TRANSPORTE:

Vehículo particular:

IMPORTES

Vehículo particular con matrícula:

Número de quilómetros: x 0,19 €/km =

Recibos de autopista:

Aparcadoiro

TOTAL €

Outros medios:

IMPORTES

Autobús

Tren

Taxi

TOTAL €